



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 30 DE SETEMBRO DO 2021.**

**Sesión 11/2021-P**

<p><b><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></b></p> <p><b><u>PRESIDENTE</u></b> D. Óscar Benito Portela Fernández (SM)</p> <p><b><u>CONCELLEIROS</u></b> D<sup>a</sup> María Pilar Taibo Fernández (SM) D. Xosé Fernando Fariña Andrade (SM) D<sup>a</sup> Rebeca Mouriño Neira (SM) D<sup>a</sup> Ana Paola Mondaca González (SM) D. María Luisa Rúa Prieto (SM) D<sup>a</sup> María Soraya Salorio Porral (PP) D<sup>a</sup> María José García Freire (PP) D. José Luis Tellado Villares (PP) D. José Luis García Pazos (PP) D. Alberto Manuel García Cotelo (PP) D<sup>a</sup> María Pardo Fafián (PSOE) D. Ramiro Blanco Montero (PSOE) D<sup>a</sup> Isabel Reimúndez Suárez (BNG) D<sup>a</sup> Laura Rodríguez Pena (BNG) D<sup>a</sup> María Nogareda Marzoa (AV) D. Breogán Blanco González (AV)</p> <p><b><u>INTERVENTOR</u></b> D. Jaime Presas Beneyto</p> <p><b><u>SECRETARIA</u></b> D<sup>a</sup> María del Carmen Seoane Bouzas</p>	<p>No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 20.00 horas do día xoves 30 de setembro do 2021, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnen os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte Orde do Día.</p>
--	---

**ORDE DO DÍA:**

Abre a sesión o Presidente, dando a benvida a todas e a todos a este Pleno Ordinario do Concello de Sada, que ten lugar no Salón dos Plenos.

**1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS (sesión núm. 10/2021).**

Pola Presidencia pregúntaselles aos membros da Corporación presentes se teñen que formular algunha observación á acta da sesión núm. 10/2021, do 26.08.2021.

Intervén o sr. Blanco Montero (PSOE), indicando que lle parece lembrar que na moción relativa a rexeneración da praia de Sada, na que figura que votou a favor o grupo municipal AV e que se abstivo o grupo municipal



BNG, en realidade foi ó revés; é dicir, que votou a favor o BNG e se abstivo AV. Dándose todos por decatados aprobase por unanimidade a acta da sesión núm. 10/2021, do 26.08.2021 coa dita modificación, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

**2º.- ADHESIÓN AO CONVENIO ASINADO POLA AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA, AEAT, COA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS Y PROVINCIAS, FEMP, EN MATERIA DE SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN DE CARÁCTER TRIBUTARIO AS ENTIDADES LOCAIS CON DATA 18/03/2021, BOE NÚM. 80 DE 3/04/2021.**

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 10/2021, do 23 de setembro, que recolle:

*<<Adhesión ao Convenio entre a Agencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) para o subministro de información de carácter tributaria ás entidades locais.*

*1º.- Adherirse ao Convenio entre a Agencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) para o subministro de información de carácter tributaria ás entidades locais, aceptando de forma incondicionada a totalidade das súas cláusulas en canto lle sexa de aplicación.*

*2º.- Facultar ao sr. Alcalde-Presidente para a sinatura de cantos documentos sexan precisos para dar cumprimento a este acordo>>.*

Debátase o asunto, coas intervencións da sra. Taibo Fernández (SM), concelleira delegada de facenda, administración local, administración electrónica, contratación e seguridade cidadá; do sr. Blanco Montero (PSOE) e da sra. Salorio Porral (PP).

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

1.- Adherirse ao Convenio entre a Agencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) para o subministro de información de carácter tributaria ás entidades locais, aceptando de forma incondicionada a totalidade das súas cláusulas en canto lle sexa de aplicación.

2.- Facultar ao sr. Alcalde-Presidente para a sinatura de cantos documentos sexan precisos para dar cumprimento a este acordo

**3º.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 42/21. SUPLEMENTO DE CRÉDITO 01/21: ACHEGA MUNICIPAL PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA 1ª FASE INSTALACIÓN DEPORTIVAS EN QUINTÁN. MONDEGO.**

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 10/2021, do 23 de setembro, que recolle:

*<<Exte. Modificación de crédito 42/2021. Suplemento de crédito 01/2021*

*Primeiro.- Aprobar, dentro do expediente de modificación de crédito 42/2021, á baixa por anulación 01/2021 na aplicación 151.61000 por importe de 83.049,52 € procedente da baixa na licitación do contrato de obra demolición edificio El Náutico.*



Segundo.- Aprobar dentro do expediente de modificación de créditos 42/2021, o suplemento de crédito 01/2021 financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais e a antedita baixa por anulación, debendo ser incrementados os créditos correspondentes ás aplicacións que se detallan a continuación por un importe global de 100.000 €.

Estado de gastos:

Aplicación	Denominación	Importe
151.61000	Urbanismo. Investimento en terreos	-83,049.52
342.62200	Instalacións deportivas. Edificios e outras construcións	100,000.00
<b>TOTAL</b>		<b>16,950.48</b>

Estado de ingresos

Subconceito	Denominación	Importe
87000	Remanente de tesourería para gastos xerais.	16,950.48
<b>TOTAL</b>		<b>16,950.48</b>

Segundo.- Dispor, en aplicación dos artigos 177 e 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formularen reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas-

Terceiro.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor >>.

Debátese o asunto, coas intervencións da sra. Nogareda Marzoa (AV), do sr. Blanco Montero (PSOE), quen anuncia que o seu grupo vaise abster e da sra. García Freire (PP), quen anuncia que o seu grupo vai votar en contra.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 10 (6 SM, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: 5 (5 PP).
- Abstencións: 2 (2 PSOE).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar, dentro do expediente de modificación de crédito 42/2021, á baixa por anulación 01/2021 na aplicación 151.61000 por importe de 83.049,52 € procedente da baixa na licitación do contrato de obra demolición edificio El Náutico.

Segundo.- Aprobar dentro do expediente de modificación de créditos 42/2021, o suplemento de crédito 01/2021 financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais e a antedita baixa por anulación, debendo ser incrementados os créditos correspondentes ás aplicacións que se detallan a continuación por un importe global de 100.000 €:

Estado de gastos:

Aplicación	Denominación	Importe
151.61000	Urbanismo. Investimento en terreos	-83,049.52
342.62200	Instalacións deportivas. Edificios e outras construcións	100,000.00
<b>TOTAL</b>		<b>16,950.48</b>



#### Estado de ingresos

Subconceito	Denominación	Importe
87000	Remanente de tesourería para gastos xerais.	16,950.48
<b>TOTAL</b>		<b>16,950.48</b>

Segundo.- Dispor, en aplicación dos artigos 177 e 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formulasen reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Terceiro.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor

#### 4º.- COMPATIBILIDADE PUNTUAL ARQUITECTO MUNICIPAL.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 10/2021, do 23 de setembro, que recolle:

<<Compatibilidade de Andrés Varela Parafita.

*Primeiro.- Recoñecer a Andrés Varela Parafita a compatibilidade no seu posto de traballo de Arquitecto Municipal de Sada co exercicio da actividade puntual de redacción de básico e proxecto de execución a un familiar de terceiro grado, en réxime de autónomo, para a realización das ditas tarefas dous días, que se determinarán e comunicarán polo interesado cando se produza a sinatura, coas seguintes condicións:*

- A actividade exercerase sempre fóra do horario laboral establecido polo concello.
- A actividade realizarase para encargo profesional-familiar a executar fóra do termo municipal de Sada.
- A actividade realizarase para encargo profesional de persoas/asuntos/entidades coas que non teña vinculación ou relación polo desenvolvemento do posto de traballo de Sada, de modo que se eviten áreas de coincidencia entre os intereses públicos e os privados.
- O recoñecemento da compatibilidade puntual que se outorga queda suxeito ao cumprimento da normativa en vigor en cada momento e ás condicións nas que se concede, debendo comunicarse calquera variación.
- Procederáse á redución puntual do complemento específico para os días autorizados, o persoal ao servizo das Administracións Públicas.

*Segundo.- Inscibir o presente Acordo no correspondente Rexistro de Persoal da Corporación.*

*Terceiro.- Notificar o presente Acordo ao interesado, recoñecendo a compatibilidade puntual para a redacción un proxecto básico e o proxecto de execución, solicitada>>.*

A secretaria manifesta que existe un error de transcripción e no parágrafo “- Procederáse á redución puntual do complemento específico para os días autorizados, o persoal ao servizo das Administracións Públicas”, sobra a parte “o persoal ao servizo das Administracións Públicas”, debendo votarse o acordo sen ese erro.

Debátese o asunto, coas intervencións da sra. Reimúndez Suárez (BNG), do sr. Blanco Montero (PSOE) e do sr. Tellado Villares (PP).

A continuación procédese á votación do asunto, coa corrección sinalada, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:



Primeiro.- Recoñecer a Andrés Varela Parafita a compatibilidade no seu posto de traballo de Arquitecto Municipal de Sada co exercicio da actividade puntual de redacción de básico e proxecto de execución a un familiar de terceiro grado, en réxime de autónomo, para a realización das ditas tarefas dous días, que se determinarán e comunicarán polo interesado cando se produza a sinatura, coas seguintes condicións:

- A actividade exercerase sempre fóra do horario laboral establecido polo concello.
- A actividade realizarase para encargo profesional-familiar a executar fóra do termo municipal de Sada.
- A actividade realizarase para encargo profesional de persoas/asuntos/entidades coas que non teña vinculación ou relación polo desenrolo do posto de traballo de Sada, de modo que se eviten áreas de coincidencia entre os intereses públicos e os privados.
- O recoñecemento da compatibilidade puntual que se outorga queda suxeito ao cumprimento da normativa en vigor en cada momento e ás condicións nas que se concede, debendo comunicarse calquera variación.
- Procederáse á redución puntual do complemento específico para os días autorizados.

Segundo.- Inscribir o presente Acordo no correspondente Rexistro de Persoal da Corporación.

Terceiro.- Notificar o presente Acordo ao interesado, recoñecendo a compatibilidade puntual para a redacción un proxecto básico e o proxecto de execución, solicitada.

## 5º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

### A. Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 23 de agosto (núm. 1801) ata o 24 de setembro do 2021 (núm. 2045).

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día 23 de agosto (núm. 1801, do expediente 2021/G003/001837) ata o 24 de setembro do 2021 (núm. 2045, do expediente 2021/G003/002146), que foron postos de manifesto á secretaria da Corporación.

### B.- Mocións.

#### 1ª.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE FACILITAR A COBERTURA DE PERSOAL MÉDICO NA ATENCIÓN PRIMARIA.

A sra. Salorio Porrál xustifica a urxencia da moción, presentada polo grupo Partido Popular (PP).

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 15 (6 SM, 5 PP, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: 2 (2 PSOE)
- Abstencións: Non se produciron.

A continuación, a sra. Salorio Porrál dá lectura á moción:

<<O Grupo Municipal Popular no concello de Sada con arreglo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno Municipal/Provincial a seguinte

#### PROPOSTA DE MOCIÓN

Relativa á adopción de medidas para a rebaixa do prezo da luz.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2017, o 'Estudo sobre Demografía Médica' elaborado pola Organización Médica Colexial e o Consello Xeral de Colexios Oficiais de Medicina arroxaba unhas conclusións contundentes:

- "Se está formando una bolsa de médicos sin especialidad que no pueden trabajar en el SNS y que, a pesar de superar la nota de corte del MIR, se quedan fuera".



• “De continuar este desajuste, miles de médicos se quedarán cada año sin poder acceder a una plaza de formación sanitaria especializada (imprescindible para trabajar en el Sistema Nacional de Salud) y tras acabar la carrera se verán abocados al sector privado, el paro o la emigración”

- “Por otro lado, en los próximos años se producirán un importante número de jubilaciones que necesitarán ser cubiertas por nuevos especialistas”

Froito de advertencias como estas, reiteradas por parte de organizacións profesionais e xestores sanitarios, o Goberno de Mariano Rajoy creou un grupo de traballo sobre déficit de profesionais cuxas conclusións se expuxeron ao Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde a comezos do 2018.

Como resultado este estudo, o pleno do Consello Interterritorial do 24 de abril de 2018 adoptou diversos acordos como:

Revisar os requisitos de acreditación de centros e unidades docentes nas especialidades de medicina de familia e pediatría de atención primaria.

- Modificar a Lei de ordenación das profesións sanitarias, para establecer un procedemento máis áxil e flexible para acreditar centros e unidades docentes para a formación sanitaria especializada.
- Modificar a Lei do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde para incentivar a provisión de prazas de difícil cobertura.
- Ademais, contábase con ter a finais de 2018 completado o Rexistro Estatal de Profesionais Sanitarios e poder, a través del, realizar un estudo de necesidades de especialistas a nivel nacional.

Pouco menos dun mes e medio despois deses acordos, aprobados por unanimidade, tamén por gobernos autonómicos socialistas, o PSOE accedía ao Ministerio de Sanidade.

Desde entón pasaron xa tres anos e catro ministros pero non hai ningún avance en ningún destes temas que todas as Comunidades Autónomas, en abril de 2018, consideraron que correspondía ao Goberno de España resolver.

A pesares das dificultades que o sistema ofrece para acreditar centros e atopar titores, a Xunta de Galicia foi incrementando progresivamente as prazas de formación sanitaria especializada ofertada ata levar xa varios anos cubrindo o 100% das prazas que o Ministerio acredita para a formación de especialistas en medicina familiar e comunitaria ou pediatría de atención primaria. Unha formación cuxo financiamento é asumido de xeito íntegro pola comunidade autónoma.

Por outra banda, máis alá da formación de novos profesionais na medicina está a estabilización das prazas dos que están actualmente en exercicio, unha estabilización que está fortemente obstaculizada polo mantemento de límites nas taxas de reposición de emprego público por parte do Goberno de España. Galicia solicitou reiteradamente en todos os foros institucionais en materia de Función Pública a eliminación das taxas de reposición, porque son o factor que determinou a situación de alta temporalidade no emprego público. Lamentablemente, o Goberno central decidiu mantelas.

Ademais Galicia foi a única comunidade que presentou unha proposta formal ao Goberno central de reforma do Estatuto Básico do Emprego Público para eliminar as taxas de reposición e, ademais, habilitar a oferta anticipada das prazas que se prevé que quedarán de vacantes previstas nos próximos dous anos para que os empregados públicos que se xubilan sexan relevados por persoal fixo. Esta proposta tampouco foi aceptada polo goberno.

Desde a Xunta de Galicia tense reiterado esta solicitude aos distintos gobernos centrais. No 2014 solicitouse por carta aos ministros Cristóbal Montoro e Ana Mato o incremento ata o 50% de ese límite. En decembro de 2016 trasladouse á ministra Dolors Montserrat unha serie de temas prioritarios para Galicia encabezada pola eliminación dos límites na taxa de reposición, unha solicitude que foi repetida posteriormente ante as catro persoas que ocuparon o Ministerio de Sanidade desde que Pedro Sánchez é Presidente do Goberno.

Na última ocasión, remitiuse á Ministra Carolina Darias un acordo acadado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 14 de novembro de 2020 a raíz dunha moción, precisamente, do Grupo Socialista e na que se lembraba que tamén as conclusións da Comisión de Reconstrución creada no Congreso incluían esta recomendación. O ditame en materia de Sanidade, aprobado no Pleno do Congreso do 22 de xullo de 2020 cos votos favorables de PP, PSOE, Unidas Podemos e Ciudadanos e cos votos en contra de VOX e dos nacionalistas (incluído o BNG) recollía a recomendación de “Eliminar la tasa de reposición de efectivos para así terminar con la precariedad laboral”.

A pesares desta posición maioritaria do Congreso, do acordo unánime do Parlamento de Galicia e das reiteradas peticións da Xunta e doutros gobernos autonómicos, o Goberno de Sánchez mantivo, nos Orzamentos Xerais do Estado para 2021 unha taxa de reposición que impide ás administracións sanitarias convocar todas as súas prazas vacantes.

Malia o contexto económico dos últimos anos, o Servizo Galego de Saúde, en cumprimento do compromiso de dotar de estabilidade aos seus cadros de persoal, publicou ininterrompidamente desde o 2012 un novo decreto de oferta de emprego público cada ano, esgotando sempre a taxa máxima de reposición de efectivos autorizada en cada momento pola lexislación básica do Estado, cunha oferta total de 8.112 prazas nestes anos, priorizando ademais a convocatoria nas categorías que traballan en atención primaria.

É dicir, a Xunta de Galicia convocou todas as prazas de persoal sanitario que lle permitiu o Goberno de España en cada momento mentres que o actual Goberno de España, conformado por partidos que levaban anos pedindo a supresión dos límites ás taxas de reposición de efectivos no eido sanitario, continúan a mantelas, impedindo a convocatoria de novas prazas.



*Nese escenario, a combinación da escaseza de novos especialistas incorporados mediante formación especializada coa limitación da dotación de prazas derivada dos límites nas taxas de reposición provocan unha carencia de persoal médico especialista dispoñible que dificulta de xeito moi notable, no inmediato, o reforzo de prazas e a cobertura de substitucións ou vacacións pero, o que é aínda máis grave, que compromete a medio e longo prazo a asistencia sanitaria da nosa poboación, especialmente no que se refire a especialidades deficitarias como medicina familiar e comunitaria e pediatría de atención primaria.*

*Polo exposto, o Grupo Municipal/Provincial Popular no concello de Sada, presenta a seguinte:*

#### PROPOSTA DE ACORDOS

- 1.- Solicitar ao Goberno de España unha habilitación, de forma extraordinaria, dos centros de saúde necesarios para que teñan a consideración de centros acreditados para a formación, así como aos profesionais especialistas en Medicina Familiar e Comunitaria precisos para que poidan actuar como tutores na formación de residentes.
- 2.- Solicitar ao Goberno de España unha convocatoria extraordinaria de prazas MIR que permita incorporar máis profesionais ao noso sistema sanitario e resolver o déficit de médicos en primaria e á Xunta de Galicia que cubra a totalidade desas prazas acreditadas e financie o 100% destas prazas con cargo aos seus orzamentos.
- 3.- Esixir ao Goberno de España que, máis aló destas medidas extraordinarias, cumpra os acordos do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde de abril do ano 2018 relativos ás reformas estruturais precisas para flexibilizar e axilizar o procedemento de acreditación de unidades docentes e os seus requisitos, permitindo a formación anual de máis profesionais especialistas.
- 4.- Esixir ao Goberno de España que cumpra os acordos do Pleno do Congreso dos Deputados e do Parlamento de Galicia sobre a necesaria eliminación das limitacións impostas para as taxas de reposición de efectivos nos sistemas sanitarios públicos autonómicos.
- 5.- Dar traslado destes acordos ao Goberno de España, á Xunta de Galicia, ao Congreso dos Deputados e ao Parlamento de Galicia >>.

Debátese a moción, coas intervencións do sr. Blanco González (AV), da sra. Reimúndez Suárez (BNG), do sr. Blanco Montero (PSOE) e do presidente, sr. Portela Fernández (SM); novamente da sra. Salorio Porral, do sr. Blanco González, do sr. Blanco Montero e outra vez da sra. Salorio e do presidente, sr. Portela.

A continuación, procédese á votación da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 5 (5 PP).
- Votos en contra: 8 (2 PSOE, 6 SM).
- Abstencións: 4 (2 AV, 2 BNG).

Resultando rexeitado o seguinte **ACORDO**:

- 1.- Solicitar ao Goberno de España unha habilitación, de forma extraordinaria, dos centros de saúde necesarios para que teñan a consideración de centros acreditados para a formación, así como aos profesionais especialistas en Medicina Familiar e Comunitaria precisos para que poidan actuar como tutores na formación de residentes.
- 2.- Solicitar ao Goberno de España unha convocatoria extraordinaria de prazas MIR que permita incorporar máis profesionais ao noso sistema sanitario e resolver o déficit de médicos en primaria e á Xunta de Galicia que cubra a totalidade desas prazas acreditadas e financie o 100% destas prazas con cargo aos seus orzamentos.
- 3.- Esixir ao Goberno de España que, máis aló destas medidas extraordinarias, cumpra os acordos do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde de abril do ano 2018 relativos ás reformas estruturais precisas para flexibilizar e axilizar o procedemento de acreditación de unidades docentes e os seus requisitos, permitindo a formación anual de máis profesionais especialistas.
- 4.- Esixir ao Goberno de España que cumpra os acordos do Pleno do Congreso dos Deputados e do Parlamento de Galicia sobre a necesaria eliminación das limitacións impostas para as taxas de reposición de efectivos nos sistemas sanitarios públicos autonómicos.
- 5.- Dar traslado destes acordos ao Goberno de España, á Xunta de Galicia, ao Congreso dos Deputados e ao Parlamento de Galicia.

## **2ª.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE A ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA A REBAIXA DO PRECIO DA LUZ.**



O sr. Tellado Villares xustifica a urxencia da moción, presentada polo grupo municipal popular.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 15 (6 SM, 5 PP, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: 2 (2 PSOE).
- Abstencións: Non se produciron.

A continuación, o sr. Tellado dá lectura á moción:

*<<O Grupo Municipal Popular no concello de Sada de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte*

**PROPOSTA DE MOCIÓN**

*Exposición de motivos*

*Nas primeiras semanas do ano 2021 o sistema eléctrico experimentou un encarecemento substancial dos prezos, acadando niveis por riba dos 90€/Mwh, que supoñían xa daquela máximos históricos, co conseguinte impacto negativo na factura eléctrica de familias, pemes e autónomos.*

*Neste contexto, o pasado 1 de xuño entraba en vigor o novo modelo de factura eléctrica para os case 11 millóns de consumidores españois acollidos ao PVPC (Prezo Voluntario para o Pequeno Consumidor). Daquela o Ministerio para la Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico animaba aos consumidores a trasladar o consumo de enerxía eléctrica das horas punta aos tramos chan e val (os de menor demanda). Este cambio nos hábitos de consumo redundaría en “menores custos para os consumidores” e “un maior aforro na factura”, tal e como se recolle na nota de prensa do Ministerio do pasado 5 de maio.*

*Nada máis lonxe da realidade. Son moitos os días nos que os medios de comunicación nos trasladan prezos récord consecutivos da luz. En xullo o prezo medio no mercado maiorista acadou os 92,42€/MWh, en agosto, 105,94 e o pasado 16 de setembro 188,18€/MWh, cuadriplica o valor que marcou durante o terceiro xoves de setembro de 2020 (47,11 euros).*

*A esta subida desbocada do megavatio hora, hai que engadir que en España menos dun 40% da factura da luz depende do prezo da electricidade e do mercado. O resto, débese aos custos regulatorios derivados da xestión política (por exemplo, subvencións ás renovables ou ao carbón ou o déficit de tarifa, entre outras) e aos impostos (o Imposto sobre o Valor da Producción de Enerxía Eléctrica ou o IVE, entre outros).*

*Polo tanto, unha das vías máis inmediatas para reducir a factura da luz é a rebaixa dos impostos e custos que gravan a electricidade, desenvolvendo medidas estruturais que afronten unha verdadeira reforma do sistema eléctrico.*

*Sen embargo, mentres as familias, pemes, autónomos e todo o tecido empresarial galego - é especialmente a industria electrointensiva-, están moi preocupados por estas subidas descontroladas do prezo da luz, as medidas aprobadas polo goberno de España, non só chegan tarde, senón que son insuficientes e nacen desde a improvisación. Por outra banda, a partida de gasto prevista nos orzamentos municipais non abondará para fronte a estes incrementos do prezo da luz, cando as prioridades de gasto deberían encamiñadas a atender as necesidades dos nosos veciños.*

*Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no concello de Sada, presenta a seguinte*

**PROPOSTA DE ACORDOS**

*1º- O concello de Sada insta ao Goberno de España a rebaixar o tipo de gravame do Imposto sobre o Valor da Producción de Enerxía Eléctrica do 7% ao 0%, modificando a Lei 15/2012, de 27 de decembro de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética.*

*2º.- O concello de Sada insta ao goberno de España a modificar a Lei 24/2013, do Sector Eléctrico para que, entre outros aspectos, determinados custos regulatorios que se trasladan á factura eléctrica (débeda do sistema eléctrico e custos extrapeninsulares) sexan financiados integramente con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado.*

*3º O concello de Sada insta ao goberno de España a modificar a Lei 37/1992, do Imposto sobre o Valor Engadido para facer permanente a rebaixa do IVE da electricidade do 21 ao 10%.*

*4º Impulsar o descenso da factura eléctrica a través da revisión dos tramos horarios, na medida en que o período val de luns a venres, no que a tarifa é máis barata, vai desde as 12 horas da noite ata as 8 da mañá, o que fai moi difícil o aforro das familias.*

*5.- Ampliar o dereito de poder acollerse ao Prezo Voluntario do Pequenos Consumidor (PVPC) ata potencias que iguais ou inferiores a 15 KW para o consumidor doméstico, co fin de facilitar o acceso ao Bono Social Eléctrico>>.*

Debátese a moción, coas intervencións do sr. Blanco González (AV), da sra. Reimúndez Suárez (BNG), do sr. Blanco Montero (PSOE) e do sr. Fariña Andrade (SM); novamente do sr. Tellado Villares e do sr. Blanco González e outra vez do sr. Tellado Villares e do sr. Blanco González.

- Votos a favor: 5 (5 PP).
- Votos en contra: 4 (2 PSOE e 2 BNG).





- Abstencións: 8 (6 SM e 2 AV).

Resultando aprobado por maioría simple o seguinte **ACORDO**:

- 1.- O concello de Sada insta ao Goberno de España a rebaixar o tipo de gravame do Imposto sobre o Valor da Produción de Enerxía Eléctrica do 7% ao 0%, modificando a Lei 15/2012, de 27 de decembro de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética.
- 2.- O concello de Sada insta ao goberno de España a modificar a Lei 24/2013, do Sector Eléctrico para que, entre outros aspectos, determinados custos regulatorios que se trasladan á factura eléctrica (débeda do sistema eléctrico e custos extrapeninsulares) sexan financiados integramente con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado.
- 3.- O concello de Sada insta ao goberno de España a modificar a Lei 37/1992, do Imposto sobre o Valor Engadido para facer permanente a rebaixa do IVE da electricidade do 21 ao 10%.
- 4.- Impulsar o descenso da factura eléctrica a través da revisión dos tramos horarios, na medida en que o período val de luns a venres, no que a tarifa é máis barata, vai desde as 12 horas da noite ata as 8 da mañá, o que fai moi difícil o aforro das familias.
- 5.- Ampliar o dereito de poder acollerse ao Prezo Voluntario do Pequenos Consumidor (PVPC) ata potencias que iguais ou inferiores a 15 KW para o consumidor doméstico, co fin de facilitar o acceso ao Bono Social Eléctrico.

### **3ª.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA CARLOS MASIDE.**

A sra. Rodríguez Pena xustifica a urxencia da moción, presentada polo grupo municipal BNG.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

A continuación, a sra. Rodríguez dá lectura á moción:

<<Isabel Reimúndez Suárez, en representación do Grupo Municipal do BNG, en base ao disposto no art. 64.1 do R.O.M, presenta a seguinte:

**MOCIÓN**

*Exposición de motivos*

*O Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside créase en 1970 no Castro de Samoedo (Sada – A Coruña) anexo ao Laboratorio de Formas de Galicia. Nace como un froito máis de país, dentro dun amplo proxecto vertebrador compartido por Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo, co propósito de reunir as obras dos diferentes artistas galegos da xeración dos anos trinta, no desexo de rescatar ese capital cultural galego que implica a memoria do patrimonio cultural do exilio, que nos coloca na vangarda da arte internacional, ensanchando máis tarde os seus marcos cara á renovadora plástica galega contemporánea.*

*O Museo conta cun importante fondo artístico procedente de doazóns das coleccións persoais de Luís Seoane e Isaac Díaz pardo, e entre as obras recompiladas neste inigualábel arquivo museístico estás as do propio Carlos Maside, Castelao, Maruja Mallo, Urbano Lugrís, Xulia Minguillón, Laxeiro, Colmeiro... Unha completa memoria artística nacional galega de incalculábel valor que desde 2016 está pechada ao público e cun estado de conservación descoñecido.*

*Un legado que é exemplo de recuperación da memoria galega que non está a ter o valor necesario por parte dos seus actuais propietarios, desde unha vinculación empresarial en que semellan primar máis os intereses económicos que os culturais. Un museo de alto nivel canto aos fondos depositados, máis tamén canto ao propio edificio que o alberga, construído polo arquitecto Andrés Fernández Albalat, que presenta un alto nivel de deterioro e descoñecido exterior.*



*O deseño a través de módulos hexagonais do Museo Carlos Maside ofrece unha nova reflexión sobre a museoloxía, ao presentar un moderno concepto de museo territorio, un museo aberto ao diálogo entre os fondos da colección, intentando implicar a sociedade desde a reflexión. con el concepto de museo aberto, no solo de colección, sino de intercambio de ideas.*

*Desde hai unha década o Museo Carlos Maside camiña vinculado á petición de declaración BIC que foi aprobada por unanimidade en comisión parlamentaria. Unha tramitación para a incoación do expediente de protección anunciado polo goberno do PP desde 2012, mais que aínda non foi realidade.*

*No marco da función asesora que ten establecida por lei, o 10 de xaneiro de 2018 o plenario do Consello da Cultura Galega aprobou un informe sobre o Museo Carlos Maside instando o goberno galego á declaración de BIC e a manter unida a súa colección.*

*Ademais, tamén considera que colección e edificio merecen a protección necesaria para garantir a súa permanencia e preservación indisolublemente unidos, xa que a colección de arte só se comprende e pode ser asumida no marco do edificio que a acolle.*

*A hemeroteca volvíu anunciar meses despois que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria iniciara os estudos previos necesarios para proceder á incoación da declaración como BIC do Museo Carlos Maside.*

*Logo de máis dunha década da petición do inicio do procedemento para declarar BIC o Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside, comprobamos que esta aínda non se produciu e o museo segue pechado ao público.*

*Asociación culturais sadenses como a A.C Irmáns Suárez Picallo tamén se fixeron eco deste problema como quedou reflexado na organización da Mesa Redonda coa participación de representantes da cultura galega como Rosario Sarmiento, Mercedes Queixas, Miguel Anxo Rodríguez e Felipe Senén. No Parlamento Galego varias foron as iniciativas presentadas polo Grupo parlamentario do BNG en forma de preguntas para a súa resposta oral e escrita así como iniciativas non de lei para o debate.*

*Por todo o exposto, presentamos a seguinte proposta de acordo:*

*- Instar á Xunta de Galiza a acelerar o procedemento para declarar Ben de Interese Cultural o Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside, para garantir non só a preservación dos seus contidos e mais do propio continente arquitectónico, senón tamén a súa posta en valor, a difusión e o enriquecemento dos seus fondos.*

*- Solicitar aos actuais xestores a súa apertura ao público >>.*

A continuación, o presidente anuncia a presentación dunha emenda por parte do grupo de SM, engadindo que se declare como ben de interese cultural ó conxunto histórico denominado Cerámicas do Castro, que abrangue ó Museo Carlos Maside, o Laboratorio de Formas de Galicia e o Taller do intelectual Don Isaac Díaz Pardo e se inste á Xunta de Galicia a que subscriba o convenio solicitado polo Concello de Sada e os propietarios do Museo Carlos Maside para a súa rehabilitación e posta en marcha.

Debátese o asunto, coas intervencións da sra. Nogareda Marzoa (AV), da sra. Pardo Fafián (PSOE), da sra. Rodríguez Pena (BNG), da sra. Salorio Porral (PP), do presidente, sr. Portela Fernández (SM) e outra vez da sra. Salorio Porral (PP); intervén o sr. Fariña Andrade (SM) e novamente a sra. Rodríguez, a sra. Pardo, a sra. Salorio Porral, o sr. Fariña, o presidente sr. Portela, a sra. Pardo e outra vez o presidente sr. Portela e a sra. Rodríguez.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).

- Votos en contra: Non se produciron.

- Abstencións: Non se produciron.

### Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

1.- Solicitar da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galiza, a incoación e tramitación ata a súa resolución polo Consello da Xunta, no menor tempo posible, da declaración como ben de interese cultural do conxunto histórico denominado Cerámicas do Castro, situado no Lugar de O Castro, parroquia de Osedo, Sada, coa categoría que proceda como BIC e que abrangue o Museo Carlos Maside, o Laboratorio de Formas de Galicia e o taller do intelectual D. Isaac Díaz Pardo.

2.- Solicitar á Xunta de Galicia que subscriba o convenio solicitado por parte do Concello de Sada e os propietarios do Museo Carlos Maside para a súa rehabilitación e posta en marcha.

3.- Facultar ao Sr. Alcalde para que realice cantas xestións sexan necesarias para formalizar o presente acordo



#### **4ª.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE EQUIPARAR REAL E EFECTIVAMENTE ÁS PERSOAS MENORES EN ACOLLEMENTO FAMILIAR Á CONDICIÓN DE FILLO/A E O RECOÑECIMENTO DE FAMILIAS DE ESPECIAL PROTECCIÓN ÁS FAMILIAS ACOLLEDORAS.**

A sra. Reimúndez Suárez xustifica a urxencia da moción, presentada polo grupo BNG.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: 5 (5 PP).
- Abstencións: Non se produciron.

A continuación, a sra. Reimúndez dá lectura á moción:

<<Isabel Reimúndez Suárez, en representación do Grupo Municipal do BNG, en base ao disposto no art. 64.1 do R.O.M, presenta a seguinte:

##### **MOCIÓN**

##### *Exposición de motivos*

*Onde mellor pode crecer un/a menor é en familia. Desta forma, @s menorestutelados poden ter a oportunidade de desenvolverse na contorna máis adecuada durante a infancia. O principio fundamental do interese superior d@ menor debe inspirar toda a lexislación de protección á infancia e establecer que a vida e o desenvolvemento dun/a menor teñan lugar nunha contorna familiar adecuada e libre de violencia. Existe unanimidade entre @s expert@s á hora de considerar que a familia é o hábitat natural da persoa e o medio idóneo para o seu crecemento e benestar, especialmente no caso de l@ s menores. Por iso, resulta indispensable recoñecer dun modo claro e rotundo na lexislación a prioridade do acollemento familiar fronte ao residencial. O acollemento familiar é un recurso social que proporciona unha familia alternativa á de orixe a aqueles nenos e nenas ou adolescentes que, por diversas razóns, non poden convivir coa súa, evitando a institucionalización de crianzas e adolescentes cuxos pais, por circunstancias persoais ou sociais, non poden facerse cargo deles e pasan a ser tutelados pola Administración.*

*A retirada da tutela aos pais biolóxicos pode ser por un período de tempo temporal ou permanente. A Lei 26/2015, que regula o sistema de protección á infancia e á adolescencia, xa introduce un novo artigo 20 bis á Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de maneira que no seu apartado 1) recolle os dereitos dos acolletores familiares, sinalando a obrigatoriedade de facilitar ao menor acollido/ás mesmas condicións que aos folla/os biolóxic@s ou adoptad@s, co fin de facer uso de dereitos ou obrigas familiares durante o tempo que a persoa menor conviva con eles. Así mesmo dispón que a familia acollidora terá os mesmos dereitos que a Administración recoñece ao resto de unidades familiares.*

*Pesar de priorizar as solucións familiares de acollemento e de adopción fronte ás residenciais, a realidade é que estamos aínda lonxe dese propósito, xa que a porcentaxe dos menores tutelados pola Administración que se atopan en residencias é demasiado grande. Por iso, hai que corrixir o desequilibrio entre o investimento en acollemento residencial fronte ao familiar, ademais de pedir medidas que impulsen a promoción da acollida. Un acollemento non é unha adopción, hai que ter claro que a/o neno/a terá contacto coa súa familia biolóxica e que non é unha medida definitiva. As familias de acollida demandan unha maior visibilidade pois, desgraciadamente, faltan familias e sobran menores en desamparo. A acollida de menores é un acto completamente altruísta no noso país e ten escasas subvencións públicas, a pesar de que o titor legal dos menores é a Administración. Estas familias enfróntanse no seu día a día a situacións nas que teñen que dar demasiadas explicacións, como entregar un papel para unha gardería ou colexio, solicitar a cartilla sanitaria, federarse para poder facer un deporte ou explicar aos menores que non poden viaxar cos seus compañeiros... e a obriga de facer gastos extra ou asumir o coidado sen posibilidade de conciliación, por chegar a/o menor fóra de prazo para as actividades programadas a tal efecto. A promoción dos dereitos da infancia e da adolescencia, así como a protección social, económica e xurídica da familia son obxectos prioritarios dos poderes públicos do noso país. Nos últimos anos, tod@s somos conscientes dos avances que se produciron en España en canto ao benestar d@s menores de idade e das súas familias, e a realidade d@s menores de acollida obríganos a ir un paso máis aló.*

*Entendemos que nun tempo diferente, cunha sociedade distinta, requírense modos de gobernar máis próximos. Son momentos onde a cidadanía necesita sentir máis preto á súa Administración, especialmente ao seu Concello, á súa Administración inmediata, que ten que estar para axudarlle.*

*Dende hai anos as familias de acollida atopámonos con innumerables dificultades. Se actualmente, xa é complicado, o é aínda máis para os menores en acollida ou as familias acolleedoras. Ás familias e ás asociacións preocúpanos as dificultades que tal diferente trato supoñen en tantas medidas públicas en diversas áreas como as de; conciliación familiar e laboral, de sanidade ou educación, de lecer, deportes ou acceso a distintas axudas ou subvencións, descontos, etc. por iso presentamos ante este Concello a presente proposición relativa a equiparar real e efectivamente ás persoas menores de idade en acollemento familiar a condición de fill@, coa particularidade dun enfoque transversal que permita activar certas accións de “discriminación positiva” ,para fortalecer e promocionar o acollemento familiar na medida do posible .*



O Concello de Sada, para todos os efectos debe dar a consideración de fill@s naturais d@s menores en acollemento familiar durante o seu período de convivencia, o que conleva o acceso en igualdade de condicións ás familias con fillos naturais, aos servizos municipais, como poden ser as ludotecas, as bolsas, campamentos, actividades deportivas e mesmo a inscrición na escola municipal de música. É dicir, nestes casos os menores de acollida teñen a consideración de fillos e irmáns. Deste xeito, tamén mesmo poden acceder ás reducións que hai de impostos na área de familia, de deporte, de Facenda e de transporte urbano e outros... Contar con prazos adicionais por circunstancias de acollemento. Etc. Estas medidas e outras xa está en funcionamento en outros Concellos desta e outras CC.AA.

A lei só equipara @s menores de acollida permanente ou en situación preadoptiva e non a de acollida, que están de forma temporal ou por vía de urxencia, por iso é necesario dar un paso máis aló e establecer este apoio especial ás familias, non para compensar o gran labor social realizada, senón tamén para incrementar a calidade da atención dos menores, de acordo co obxectivo de avanzar na protección social, xurídica e económica das familias e ofrecer apoio preferente ás familias en situación especial. Proponse ordenar e actualizar os apoios que estas familias reciben da administración municipal equiparando real e efectivamente, para todos os efectos administrativos, @s menores en acollemento en calquera das súas modalidades —temporal, permanente ou preadopción ou de urxencia— á condición de fill@ durante este período de tempo.

Por todo o exposto a asociación ACOUGO insta o Concello de Sada, á adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Instar ao Estado a que ordene e actualice a normativa para establecer expresamente a equiparación real e efectivamente, para todos os efectos administrativos, aos menores en acollemento en calquera das súas modalidades —temporal, permanente ou preadopción ou de urxencia— á condición de fill@ durante o tempo que o/a menor atópese baixo acollemento familiar. Accionando medidas, que apoiem positivamente a estas familias e menores.
2. Establecer un compromiso co Concello de Sada en todas as súas áreas de xestión do Órgano de Goberno local, accionando medidas que apoiem positivamente a estas familias e menores tendo en conta as súas dificultades actuais para acceder aos servizos municipais.
3. Incluir formación básica para o persoal municipal con competencias en materia de Medidas de Protección de Menores.
4. Realizar un listado municipal, voluntario, de familias acolledoras, que sirva para coñecer a realidade e dispoñibilidade en cada Concello, para levar a cabo programas concretos>>>.

Intervén a secretaria para propoñer a adaptación do proposto á competencia plenaria, na liña na que se ven informando, e que se cambie ó apartado 2 eliminando o texto “de xestión do Órgano de Goberno local” e por outro lado unir a este punto ó apartado 4 eliminando o texto “en cada concello”.

Debátase o asunto, cos cambios propostos e coas intervencións da sra. Nogareda Marzoa (AV), da sra. Pardo Fafián (PSOE), da sra. Salorio Porral (PP), quen anuncia que o seu grupo vaise abster, do sr. Fariña Andrade (SM) e da sra. Reimúndez Suárez (BNG); novamente da sra. Pardo e da sra. Salorio.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 5 (5 PP).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

1.- Instar ao Estado a que ordene e actualice a normativa para establecer expresamente a equiparación real e efectivamente, para todos os efectos administrativos, aos menores en acollemento en calquera das súas modalidades —temporal, permanente ou preadopción ou de urxencia— á condición de fill@ durante o tempo que o/a menor atópese baixo acollemento familiar. Accionando medidas, que apoiem positivamente a estas familias e menores.

2.- Establecer un compromiso co Concello de Sada en todas as súas áreas de xestión, accionando medidas que apoiem positivamente a estas familias e menores tendo en conta as súas dificultades actuais para acceder aos servizos municipais e Realizar un listado municipal, voluntario, de familias acolledoras, que sirva para coñecer a realidade e dispoñibilidade para levar a cabo programas concretos.

3.- Incluir formación básica para o persoal municipal con competencias en materia de Medidas de Protección de Menores.



### C.- Rogos e preguntas.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) fai os seguintes rogos:

1º) Roga que se axilicen os trámites no tocante o expediente de estabilización do emprego para que se poda levar a cabo do xeito menos lesivo para os traballadores e tendo en conta a limitación temporal de 31.12.2021.

2º) Roga que se exixa as empresas contratadas para instalar os diferentes alumeados decorativos de Nadal, festas patronais, etc., retiren todo o material utilizado, xa que como se advertiu en máis dunha ocasión, quedan sen desinstalar na súa totalidade.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) formula as seguintes preguntas:

1º) Pregunta á sra. Reimúndez Suárez (BNG), a previsión de comezo de actividades dirixidas a persoas con diversidade funcional.

2º) Pregunta á sra. Reimúndez Suárez (BNG) si dende o goberno do concello de Sada houbo algunha xuntanza coa Xunta de Galicia, para ver a viabilidade de execución das piscinas, dado que no anteproxecto para a súa construción, indica que fai falta autorización autonómica.

3º) Pregunta á sra. Reimúndez Suárez (BNG) e á sra. Nogareda Marzoa sobre si tiñan coñecemento, como se fai constar no informe de secretaría, que dende alcaldía e dende o servizo de urbanismo non se facilita a documentación ocasionando que se dilaten os tempos dos informes e co coñecemento do equipo de goberno.

4º) Pregunta á sra. Nogareda Marzoa (AV), onde pode consultar as bases reguladoras da concesión de prazas nos comedores escolares de xestión municipal para este curso 2021/2022.

5º) Pregunta ó sr. Alcalde si se aboaron as horas extra ós membros da policía local que traballaron durante a pandemia e que están avaladas por sentenza xudicial.

6º) Pregunta á sra. Nogareda Marzoa (AV), en relación co expediente de demolición do Náutico, se coñecía a resposta do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e si sabe si hay expediente iniciado para a licitación de espazo ocupado polo local.

A sra. Salorio Porral (PP) roga que en canto sexa posible se envíe a documentación pendente relativa a solicitudes realizadas polo seu grupo, de acceso a expedientes o documentos.

O sr. Tellado Villares (PP) formula as seguintes preguntas:

1ª) Pregunta a sra. Taibo Fernández (SM), sobre quen está exercendo o posto de xefe de Policía e cando foi nomeado.

2ª) Pregunta ó interventor a canto ascende o importe das facturas pendentes de pago de exercicios anteriores e a canto ascenden as facturas pendentes de pago de este exercicio.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 22 horas e 59 minutos do día xoves 30 de setembro do 2021, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente a presente acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unida o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

[https://sede.sada.gal/gl/portal\\_transparencia/Relevancia\\_Juridica/Normativa/Normativa.html](https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html).